

REDES DE RELACIÓN SOCIAL, USOS LINGÜÍSTICOS E IDENTIDADES NUN NÚCLEO RURAL GALEGO

Pilar Fernández Iglesias¹
Raquel Rial Hermelo²
Universidade de Vigo

1. Introducción

Esta comunicación baséase no estudio dos usos de galego, castelán e alternancias de código entre os membros das redes de relación social dun núcleo rural galego duns trinta habitantes.

O traballo realizouse mediante o método da observación participante, recollendo materiais a través de anotacións etnográficas e tamén realizando gravacións de conversas espontáneas entre os veciños do lugar.

Despois dunha breve descrición de tipo etnográfico, analizaremos os usos observados dos códigos en presenza entre os membros desas redes, prestando especial atención ás diferencias entre as distintas xeracións (nas interaccións pais-fillos e avós-netos), e tamén ós usos lingüísticos con persoas alleas a esas redes (verbigracia, coas autoras deste traballo).

Para exemplifica-los usos botaremos man dalgúns fragmentos transcritos do noso corpus.

Entre os habitantes da aldea, chamou a nosa atención unha emigrante retornada de Venezuela, onde pasou ó redor de trinta anos. A través de certas mostras conversacionais nas que dialoga coas observadoras participantes, analizaremos cómo esta locutora constrúe discursivamente a súa identidade de “emigrante retornada”, adoptando trazos lingüísticos do español venezolano, que pon de manifesto de xeito especial cando chegan locutores dese mundo exterior.

A través deste caso veremos cómo nun mesmo espazo humano de escasos habitantes conviven situacións identitarias substancialmente diferentes. Por unha banda, mantéñense as redes tradicionais de relación social que están ligadas á cohesión grupal. Sen embargo, cando chegan locutores alleos, ponse de manifesto de xeito especial unha situación exterior respecto desas redes tradicionais.

¹ r/ Vilariño, nº 20 B, 2º esq., Cangas do Morrazo, Pontevedra, Galicia; Teléfono/Phone (desde España) 986+ 32 81 73, (from other countries) 34+ 86+ 32 81 73.

² Camino Xirneu, nº 23, Darbo, Cangas do Morrazo, Pontevedra, Galicia; Teléfono/Phone (desde España) 986+30 52 09, (from other countries) 34+86+30 52 09.

2. Apuntamentos de tipo etnográfico


Sta. María de Campo é unha aldea pequena, duns trinta habitantes. Atópase preto da fronteira con Ourense, no concello de Covelo (Pontevedra). A aldea mostra un claro abandono, a maioría das casas son vellas e de pedra e algunhas están a piques de derrubarse.

O abandono da aldea non se observa soamente nas súas casas e veigas, senón tamén nas súa poboación, na súa maioría persoas de idade avanzada. Atopar un rapaz alí é case un milagre. En toda a aldea e arredores só atopamos sete.

Poderíase dicir que a aldea é unha mostra do que acontece na maioría das aldeas da Galicia rural. A xente de Sta. M^a de Campo dedícase e vive case que exclusivamente dos seus cultivos e dos seus animais, que ademais de proporcionarlles comida, tamén lles reporta beneficios económicos cando os venden.

Preguntándolles ós vellos do lugar soubemos que a maioría da xente que antes vivía na aldea emigrara a América (Arxentina, Venezuela, Brasil, Cuba, etc.), Europa (Suíza, Francia, Alemaña, etc.) ou mesmo a calquera outro punto de España ou Galicia.

Eran tempos difíciles e os pais non podían manter a tantos fillos (a taxa de natalidade era moi elevada). A emigración era unha das escasas saídas que lles quedaban nun tempo de fame e miseria (no período da posguerra civil). E así pouco a pouco, a aldea foi quedando baleira. Os abandonos fóronse sucedendo paseniñamente e ano tras ano a poboación descendeu de xeito brutal.



3. Redes de relación social


3.1. Membros do núcleo rural

FAMILIA "A": está integrada por cinco persoas que viven na mesma casa: a avoa (AV) que ten setenta e seis anos está viúva; a filla maior de esta (FMA), de cincuenta e tres anos; a filla menor (FME), de corenta e dous anos, que ten dúas fillas: a maior (NET1) ten once anos e a pequena (NET2) oito. O pai das nenas non está habitualmente na casa porque é mariñeiro.

FAMILIA "B": está formada por un matrimonio que vive só na súa casa. O marido (HOM B), ten 94 anos e o seu estado de saúde é moi delicado. A muller (MUL B), tamén ten problemas de saúde, ámbolos dous como é lóxico, causados pola súa avanzada idade. Non teñen fillos e por iso temen quedar sós se morre algún dos dous.

EMIGRANTE: é unha muller duns sesenta anos que estivo en Venezuela ó redor de trinta e volveu de novo á aldea despois da morte da súa nai. Vive soa na súa casa. Cobra unha pensión polos anos que traballou en Venezuela. A súa relación co resto dos habitantes da aldea é un pouco distante, xa que ela non se volveu adaptar á vida na aldea despois de tantos anos emigrada en Caracas.

que poderían manter algunha interacción. Non é de estrañar polo tanto, que a presenza de persoas foráneas suscite neles un desexo inevitable de relacionarse con eles.



4. Comportamento lingüístico dos veciños do núcleo rural

As definicións de “comunidade lingüística” e “comunidade de fala” son numerosas e en moitos casos os lingüistas non fan distinción entre elas. Así, por exemplo, Wardhaugh (1992) propón que os individuos que falan a mesma lingua, dialecto ou variedade son membros da mesma “comunidade lingüística”. Para Romaine (1996) a “comunidade de fala” existe cando un grupo social acolle unha variedade da lingua como propia. “Comunidade de fala” (speech community) e “comunidade lingüística” (language community) non son o mesmo, pois a primeira require compartir unhas normas de uso da lingua e non tanto compartila lingua en si. Son as normas ou regras de interacción social, e non as lingüísticas, as que establecen a pertenza a unha comunidade.

García Marcos (1993) tamén distingue entre “comunidade lingüística” e “comunidade de fala”, pero préstalle maior atención á primeira. A “comunidade lingüística presupón a existencia dun marco físico compartido polos seus membros (...) que impedirían a subdivisión interna segundo condicionamentos sociais como a idade, sexo, ocupación profesional, (...) No interior desta comunidade lingüística coexisten varias comunidades de fala que comparten o mesmo modelo de prestixio lingüístico”.

A) OS VECIÑOS DO NÚCLEO RURAL

Partindo de gravacións de segmentos de fala, das que nós dispomos, cómpre subliñar tres feitos:

1. As persoas máis vellas (maiores de sesenta anos), que se senten identificadas co seu lugar de nacemento, empregan case exclusivamente a súa lingua materna unha variedade dialectal específica do galego.

2. As persoas con idade comprendida entre sesenta e trinta anos, fan maioritariamente uso do galego nas interaccións familiares, máis próximas ó seu entorno. Nembargantes, poden cambia-lo rexistro con rapaces pequenos ou con interlocutores foráneos. Entón empregan unha variedade galega do castelán.


3. As persoas menores de trinta anos e os nenos fan uso do galego ou do castelán dependendo do código que escolla o seu interlocutor. Deste xeito, falarán galego cando lles falen galego e falarán castelán cando lles falen castelán.

B)A EMIGRANTE

A emigrante manifesta distintas identidades conversacionais dependendo do seu interlocutor ou interlocutora. Nas súas interaccións cotiás cos veciños do lugar usa a súa lingua materna.

Sen embargo, configura a súa identidade de emigrante en Caracas nas conversas que mantén con AG e AH (autoras deste traballo). Entre as súas expectativas parece estar a comprensión, por parte das interlocutoras da súa situación de disgusto coa aldea.

Adopta o “rol de emigrante” de xeito máis acentuado nos momentos nos que reconstrúe a súa experiencia na emigración.




Nas conversas da emigrante destaca o feito de que emprega sempre a lingua materna (galego) cando fala con persoas adultas do núcleo rural, pero diríxese en castelán ás persoas alleas ó núcleo. Con AG e AH adopta o rol de emigrante cunha experiencia positiva na

emigración, pois deixa claro continuamente que prefire a vida en Caracas á aldea natal. A súa actitude positiva cara á comunidade de acollida na emigración influíu no apego dun código distinto de fala, o español de Venezuela, do que fai uso coas interlocutoras que chegan de fóra. Emprega esa lingua distinta A local para reafirma-la inconformidade coa situación actual na que vive, pois non parece estar totalmente integrada na comunidade. Ante todo busca o xeito de revivi-la experiencia da emigración, así como a comprensión por parte das interlocutoras AG e AH da súa situación na aldea, pois elas coñecen as vantaxes da cidade (vid. Transcripción 1).


TRANSCRICIÓN 1

71 EMIG: cla::ro
 72 porque la gente que está en la ciudad
 73 le llama la atención ‘esto ↓
 74 ..y el que está siempre en el campo ya-
 75 ..de niña yo estuve en venezuela
 76 que estuve treinta años
 77 AH: en la ciudad
 78 EMIG: si estaba en la capital
 79 AH: le gusto entonces más
 80 EMIG: {[b] ai si::}
 81 no me gusta esto
 [risos]
 82 AG: claro →
 83 ahora se acostumbró allí a venezuela
 84 EMIG: a mi no me gusta →
 85 nunca me gustó e:: el campo ↓



4.2. USOS DE GALEGO E CASTELÁN POR FAMILIAS E INDIVIDUALMENTE

FAMILIA "A"



ESQUEMA 5
USOS DE
GALEGO E
CASTELÁN
DENTRO DA
FAMILIA "A".
ANÁLISE
INDIVIDUAL

TRANSCRICIÓN 2

Conversa na casa da familia A

- 01 NET1 abuela
02 tú no queres pastas↑
03 AV: **non**
04 **non quero nuriña**
05 **e vós**
06 **queredes↑↑**
07AG: **non que engordan**
 [risos]
08 AH: yo voy a probar una
09 NET1: coge una de chocolate
10 que están muy ricas (xx)


11 AV:	mira que tardan a túa nai e a ernestina	
12	non deben topar as fotos	
		.
		.
		.
23 NET1:	{ [f] ya vienen ahí↑ }	
	[ruído televisión]	
		<3>
24 FME:	sólo encontramos as da comunión	
25 FMA:		L es que a mi me parece que las otras
		las llevó jaimé
26		para enseñarle a los hijos
27 AV:	[dirixíndose a nós]	
	jaimé é o que está en ferrol	
28	pero vén moitas veces aquí..	
29	no vran	
30 FME:	pois é unha pena	
31	porque aquelas saliron moi ben	
32	fixérollas manolo	
33	cando FOramos a oporto	
34 FMA:	<u>mamá</u>	
34	ti non foras con eles aquela vez verdá	
35 AV:	non	

Vid . apéndice de convencións de transcrisións.

TERCEIRA TRANSCRICIÓN:

Gravación feita nun monte.


01 AV:	pero mira
02	muita aghua hai aí
03	pola parte da cuneta esa
04 FME:	eso aí pudéronlle meter algún
05	que ademais aquí metéronlle tubos e↑
06	alá arriba
07	(xx)
08	{ [f] con esa MARcha vas chegar logo e↑
	[risos da nena]
09 NET2:	no te escucha mami
10 FME:	quieres ir con el↑
11	tú
12 AG:	mimá pobriña
	[risos]
13 AG:	ten que dar catro: pasos



CUARTA TRANSCRIPCIÓN

Conversa desde a fiestra.

- 01 MUL B: { [a] cando tal
02 ar noites eran ben ghran:des
03 e ar veces non se topaba bene
04 DULCI::NA
05 e e dicíalle eu QUE::
06 LEVÁNTATE que xa é día↑}
07 inda era noite
- [risos]
- 08 era a lúa→
09 e vai e decíalle eu
10 { [a] A↑
11 pois eu xa che estaba á ventana}
12 pois eu tamén che estou↓
- [ruído de galiñas]
 <1.5.>
- 13 { [p] e así }
14 así que non estrañedes
15 que aquí claro
16 é unha alde:a
17 aquí é bo pra a saúde
- 18 AG: sí::
19 MULB: pra saúde é boa
20 ..vou apaña-la Roupa
21 porque hhh

**TRANSCRICIÓN 5**

Conversa no río coa emigrante e o veciño 1.

- 132 EMIG: **porque por aquí hai moitos matos**
 133 .. entonces é mellor por elí
 134 **ou senón ides**
 135 **pero CLARo**
 136 **elas con ese calzado para ir pola aghua**
 137 AG: las ovejitas
 138 EMIG: que↑ { [f] A: le vas a sacar una foto }
 139 AH: una foto
 140 VEC1: **queredes porvos d'acabalo?**
 141 **e sacades unha foto do cabalo?**
 142 EMIG: a mi no e?
 143 AH: ay ay: [risos]
 144 EMIG: ya está sacada la foto?
 145 AH: ay es que me :
 146 VEC1 *ta:: ta::*
 147 AH: se me arrimó aquí

148 EMIG:	{ [f] mi: ra
149	tu quiere[h] montarte a caballo? }
150 AH:	ay no
	.
	.
	.
156 EMIG:	{ [f] ya me la has quitado? }

<u>TRANSCRICIÓN 6</u>		*(2)
<i>Conversa ó carón da casa da veciña 2.</i>		
01 VEC2:	aquí non hai <u>nadie</u>	
02	non hai xente ningunha	
03 EMIG:	aquí non hai <u>donde</u> se distraer	
04	aquí estamos na (xx)	
05 AG:	└ pasouno moi ben o nenño	
06 EMIG:	que↑	
07	ghustoulle isto	
08 VEC2:	ghustoulle isto	
09	ghutáronlle os <u>animales</u>	
10	e así	
11 EMIG:	e que tempo ten↑	
12 AG:	ten	
13	dezaoitto meses	
14 EMIG:	a::	
15	está pequeniño inda↓	
16 AG:	pero pasouno moi ben	
17	a xogar alí coas cabriñas	
	(xx)	
	.	
	.	
	.	
22 VEC2:	aquí non hai mocedá ninguiunha	
23 EMIG:	non hai <u>nadie</u> →	
24	non hai <u>nadie</u>	


- (1) Obsérvense as alternancias de código da emigrante dependendo do seu interlocutor. Deste xeito, nos segmentos de fala do 132 ó 136, cando conversa co veciño 1, usa o galego. Nembargantes, pasa ó castelán cando fala coas interlocutoras foráneas: segmentos 138, 142, 144, 148, 149, 156. Lémbrese que no español que se fala en Galicia non é habitual o emprego de tempos verbais compostos.
- (2) Obsérvese como na transcripción 6, a emigrante mantén o código galego aínda que estea en presenza das interlocutoras foráneas. Este feito demostranos a variabilidade no seu comportamento lingüístico, xa que na transcripción anterior usaba ámbolos dous códigos (galego e castelán) e a imprevisibilidade na súa escolla lingüística.

5. Comportamento lingüístico dos habitantes con xente foránea

As actitudes conversacionais dos habitantes da aldea en xeral con AG e AH difiren dependendo da súa idade, que inflúe no uso de distintas variedades do galego, pois o código

dos máis vellos non é o mesmo que o da xente máis nova. As actitudes do uso da lingua tamén son distintas: a xente máis vella emprega case exclusivamente a variedade do galego que coñecen, un rexistro caracterizado por uns determinados trazos dialectais, como a “*gheada*” (“*aghua*” transcripción 5, segmento 136), o “*rotacismo*” ou conversión de “s” en “r” (“*ar noites*”, transcripción 4, segmento 02), “*supresión vocálica*” (“*inda*”, transcripción 4, segmento 07), aparición dunha “*vocal epentética*” (“*aldeia*”, transcripción 4, segmento 16).

A xente máis nova, pola contra fai uso de dous códigos (galego e castelán) reservando o castelán para as conversas con xente foránea e cos nenos, anque moitas veces na escolla inflúe ó significado ou os matices que se lle dan ó emprego dunha ou doutra lingua. Deste xeito, podemos afirmar que con excepción dos maiores de sesenta anos (que se manifestan na práctica conversacional como monolingües), as outras xeracións constrúen unha identidade bilingüe.



** A emigrante emprega a variedade local do galego cando conversa cos veciños do núcleo rural. Nembargantes, este uso altérao cando chegan interlocutores do mundo exterior como poden ser (AG e AH), coas que en moitos casos emprega a variedade do español de Venezuela, reconstruíndo a súa “*identidade de emigrante retomada*”. Chama a atención que aproveite a presenza destas persoas para usar esta variedade que non emprega habitualmente coas persoas do núcleo por medo a ser rexeitada ou marxinada (que o está, entre outros motivos, pola súa situación de non atopar un oco nas redes de relación social da aldea, xa establecidas).

Apéndice (convencións de transcripción)

1. Identificación dos códigos: **galego** (negriña), castelán (tipo normal de letra), neutro (subliñado), *cursiva* (código non identificado).

2. Organización das secuencias: engarzamento de voces (v.g. transcripción 2, segmentos 24 e 25) L
3. Pausas: de menos dun segundo: ..
de máis dun segundo: <1.5>
4. Prosodia e entoación: segmento ó que afecta o fenómeno: { }
registro melódico: alto ou agudo [a]
volumen: enunciación relativamente forte: [f]
enunciación relativamente baixa: [p]
tempo: segmento relativamente acelerado: [ac]
segmento relativamente decelerado: [de]
grupos melódicos finais: ↑ sílaba/s finais ascendente/s
↓ sílaba/s finais descendentes
→ sílabas finais sostidas
5. Realce de certos sons: DULCI: NA (maiúsculas)
Son alongado: (:)
Segmento inintelixible (xx)
6. Fenómenos kinésicos ou proxémicos: [risos]
7. Outros símbolos: omisión de varias quendas (tres puntos suspensivos verticais).
nomes propios e topónimos en minúscula (maceira).

Bibliografía

- García Marcos, F. (1993), *Nociones de sociolingüística*, Barcelona, Octaedro.
- Milroy, L. (1980), *Language and Social Networks*, Cambridge, Cambridge University Press.
- Romaine, S. (1996), *El lenguaje en la sociedad. Una introducción a la sociolingüística*, Barcelona, Ariel.
- Wardhaugh, R. (1992), *Introducción á sociolingüística*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.